



GRUPO PROVINCIAL

Ramiro Rodríguez Suárez, deputado do grupo provincial do BNG na Deputación de Ourense, ao abeiro da Lei da Administración Local de Galiza e demais disposicións concordantes presenta para o seu debate e se procede posterior aprobación, a seguinte **MOCIÓN SOBRE A RETIRADA DO HELICÓPTERO DE INCENDIOS DO BARCO DE VALDEORRAS DA BASE DE VILANOVA**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Bloque Nacionalista Galego tivo coñecemento de que a Xunta de Galiza tomara e executara a decisión de retirar o dispositivo dun helicóptero de incendios da base de Vilanova no Barco de Valdeorras (distrito XIII) inutilizando unha base operativa desde o ano 1992 e na que se investiu diñeiro público ao longo destas décadas e que fica agora pechada para o seu uso.

Cómpre ter en conta que, tal e como ten indicado esta organización, a provincia de Ourense e as súas comarcas orientais contan con especificidades climáticas e tamén contextuais (alto índice de abandono do rural, despoboamento, dificultades de conexión, etc) que agravan a súa sobreexposición á incidencia de lumes. Así mesmo, cómpre ter en conta que as comarcas próximas á base de Vilanova teñen dúas condicións que deben condicionar a política de prevención e extinción de incendios. Dunha banda, a grande complexidade xeográfica, con altas serras, diferenzas de altitude, dificultades de acceso, vales difíciles de sortear, etc, en suma unha orografía complexa para intervir. Por outra parte, conteñen no seu territorio espazos naturais teoricamente protexidos (parque natural, rede natura, zonas ZEPA, etc) que dan conta da riqueza biolóxica natural e animal da contorna e fan máis necesaria a súa protección pois os datos poden ser e son irreparábeis en moitas ocasións, como lamentablemente xa se ten experimentado.

Así mesmo, cómpre recordar que a provincia de Ourense no 2016 concentrou máis da metade das 22.000 hectáreas ardidadas no total e que concentrou a metade dos grandes incendios forestais superiores a 500 hectáreas. O oriente ourensá é unha das zonas máis castigadas nos últimos anos e a resposta da Xunta é precarizar máis aos traballadores, adiar a concreción do Pladiga case a xullo, non adiantar o funcionamento pleno do dispositivo malia a desestacionalización dos lumes e a alta incidencia no inverno 2016-2017, etc. A todo isto, vén de sumarse unha alteración dos medios materiais de por si insuficiente, como é o caso da dispoñibilidade dun helicóptero na base do Barco de Valdeorras.

Desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que non é razoábel e que ademais a Xunta de Galiza ten que esclarecer os motivos e a situación da base así como as decisións e medidas que anteriormente tomara ou non tomara o organismo para garantir as condicións de funcionamento e operatividade así como de seguridade para os traballadores e traballadoras e para a salvagarda do material.

Por todo isto, o Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte MOCIÓN para debate e aprobación, se procece, polo Pleno da deputación:

“O Pleno da Deputación insta á Xunta a:

1. Rectificar a súa decisión de retirar o helicóptero de incendios do Barco de Valdeorras da base de Vilanova e a levar a cabo todas as xestións posíbeis para que sexa posíbel o seu mantemento en condicións axeitadas de funcionamento.

Ourense, 13 de xullo de 2017

Asdo: Ramiro Rodríguez Suárez

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL